



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 30/12/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez que chove, a pista das Salinas, concretamente no tramo que cruza as marismas, inúndase de auga causada pola falla de suficientes sumidoiros e polo mal estado do firme que conta con numerosas fochas e baches. Polo que é necesario acometer de inmediato o reasfaltado neses pouco máis de 100 m que están completamente desfeitos e reparar os baches illados que hai no resto do tramo.

Este vial comunica o Toural con Paredes e é usado habitualmente por moita xente que quere evitar os colapsos de tráfico no cruce da N-554 coa N-550, ademais de todas as persoas que diariamente visitan este enclave.

A recuperación ambiental das Salinas obtivo un alto grado de respaldo social que é facilmente comprobable pola enorme cantidade de público que visita o lugar. Son dúcias as persoas que cada día o visita e centos as que se achegan ao lugar durante a fin de semana, e é obriga da Administración Local de manter en boas condicións os seus viais cando estes son tan transitados e se atopan nestas condicións.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa acometera de inmediato o reasfaltado no tramo da pista das Salinas afectado e reparara os baches existentes no resto do vial.

Segundo. O Concello de Vilaboa levara a cabo a actuación necesaria para evitar a acumulación da auga no vial.

Vilaboa, 23 de decembro de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA